



BOP

DEPUTACIÓN DE LUGO

MÉRCORES, 22 DE ABRIL DE 2020

N.º 091

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

O INCIO

Anuncio

Elevado a definitivo, por non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, o acordo do Concello Pleno, adoptado en sesión de data 30 de xaneiro de 2020, de aprobación provisional do expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por recollida de lixo.

De conformidade co disposto no art. 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, faise público o texto íntegro da ordenanza fiscal, sin que ésta entre en vigor ata que se teña feito a dita publicación.

Contra as ordenanzas fiscais poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nos termos establecidos no art. 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

O Incio, na data da sinatura. O ALCALDE, Hector M. Corujo González

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO

Artigo 1º.- Fundamento natureza.

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 26 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a "Taxa polo servizo de recollida domiciliaria de lixo", que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º.- Feito impoñible.

1. Constitúe o feito impoñible da Taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliaria e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2.- A tal efecto, considérase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, e se excluen de tal concepto os residuos de tipo industrial, cascotes de obras, detritus humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou cuxa recollida ou vertedura esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3.- Non está suxeita á Tasa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

- Recollida de lixo e residuos non calificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- Recollida de escorias e cinzas de calefaccións centrais.
- Recollida de cascotes de obras.

Artigo 3º.- Suxetos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso, de precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo sustituto do contribuinte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquélas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4º.- Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 35.5 e 41 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Bonificacións.

Os suxeitos pasivos que con arranxo á Lei ostenten a condición de titulares de familia numerosa disfrutarán das bonificacións seguintes:

.Familia numerosa de categoría xeral:

Bonificación do 80% na cota íntegra da Taxa por recollida de lixo.

. Familia numerosa categoría especial:

Bonificación do 90% na cota íntegra da Taxa por recollida de lixo.

A concesión das bonificacións establecidas neste artigo realizarase a solicitude do interesado previa acreditación do recoñecemento pola Consellería competente da Comunidade Autónoma da condición de titular de familia numerosa na categoría que corresponda.

As bonificacións establecidas neste artigo terán unha duración de cinco anos, sendo aplicables a partir do exercizo tributario seguinte ao da súa concesión.

A bonificación na cota tributaria da Taxa por recollida de lixo será compatible con calquera outro beneficio fiscal que poda establecer ou aprobar neste Concello.

Establécese unha bonificación do 90% nas tarifas desta taxa para os edificios que sen estar en ruina teñan a condición de non habitables ou utilizables.

A estes efectos terán a condición de non habitables ou utilizables os que, sen estar en ruina, presenten un estado de deterioro que non permita unha utilización digna e non contén con suministro de auga ou electricidade.

Artigo 6º.- Cota tributaria.

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local. A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

CONCEPTOS	EUROS
UNICA Por cada vivenda ou local comercial	72,97 €

2. As cotas sinaladas na Tarifa teñen carácter irreducible e corresponden a 12 meses.

Artigo 7º.- Devengo

1. Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuir desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obligatoria do mesmo, cando esté establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario, nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuyentes suxeitos a Taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengaranse o primeiro día de cada trimestre natural, salvo que o devengo da Taxa se teña producido con posterioridade a dita data, en cuxo caso a primeira cota devengarse o primeiro día do mes seguinte.

Artigo 8º.- Declaración e ingreso

Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data en que se devenga por primeira vez a Taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscripción en matrícula, presentando, ao efecto, a correspondente declaración de alta e ingresando simultáneamente a cota do primeiro trimestre.

Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación de interesados, calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ao da data na que se teña efectuado a declaración.

O cobro das cotas efectuarase trimestralmente mediante recibo derivado da matrícula.

A bonificación establecida no artigo 5.1 deberá ser solicitada polo interesado, quien aportará unha declaración responsable de que a vivenda ou local non dispón de suministro de enerxía eléctrica nin de autoxeración nin de empresa proveedora, nin auga potable, sexa esta servida polo Concello, empresa privada, de carácter veciñal ou de autoabastecemento (pozos ou similares). De rematar a situación de inhabitable deberá comunicarlo ao Concello do Incio.

Artigo 9.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral Tributaria.

Se realizada unha inspección se comproba a falsidade da declaración responsable feita ao abeiro do artigo 8º.4 ou se comproba que existe abastecemento de auga potable ou electricidade, procederá a facturación íntegra do período no que se beneficiou da bonificación cun máximo de catro anos de acordo coas tarifas íntegras vixentes, e se sancionará ao interesado cun recargo do 50% do importe da liquidación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Durante o exercicio de 2020, con efectos de 1 de xaneiro, e mentres se manteña a rebaixa do canon a satisfacer a SOGAMA, a taxa a aplicar polo servizo de recollida de lixo será de 69,66€ anuais.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal foi modificada e aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día trinta de xaneiro de dous mil vinte e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP, e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Incio, 8 de abril de 2020.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 0728

LUGO

Anuncio

Na sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 20 de abril de 2020, adoptouse o acordo seguinte:

“Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito/Crédito Extraordinario (1/2020) co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Cód.Proxecto	Aplicación Orzamentaria	CAPÍTULO VI	Importe
20RT00001	24100.47900	Liña I axudas COVID19	4.000.000,00
“	24100.48900	Liña II axudas COVID19	1.000.000,00
20COVID19	23150.22699	Convenio Cruz Roja COVID19	52.268,15
“	“	Serv.comida Pavillón Mun. COVID19	12.000,00
“	23183.22799	Serv.vixilancia Fogar Transeúnte COVID19	3.270,63
“	24103.22602	Campaña prensa e radio comercio lucense COVID19	16.151,78
“	15300.22699	Campaña Transporte P. COVID19	1.095,05
“	92009.22699	EPIs COVID19	150.000,00
“	92009.62500	Mamparas Edif. mun. COVID19	1.790,80
20RT00002	16510.61903	Cert. liquidac.A.P. Recatelo, Cedrón del Valle e outras	4.261,02
“	15300.61900	Direc.obra, S.S. Obra Peonalización Pza. A Milagrosa	2.653,64
“	15300.61900	Control arqueolóxica Peonalizac. Pza. A Milagrosa	7.441,50
“	15300.61900	Certif. liquidación Obra Peonalizac. Praza A Milagrosa	17.160,00
“	15300.61900	Sinalización Obra Peonalizac. Praza A Milagrosa	7.260,00
“	15300.61900	Columna Obra Peonalizac. Praza A Milagrosa	2.145,57
“	15300.61900	Execución de vados estacionamentos disuasorios	6.995,86
“	15300.61100	Pavimentac.Monte Adairo e Pía Paxaro	24.321,00
“	15300.61100	Pavimentac. Rúa do Vento	8.455,07
“	15300.61100	Cert. Liquidación mellora pavim. en Rúa Avetarda	5.900,00
“	15300.61100	Certif. liquidación Rede Abastecem. en Asmazas	5.500,00
“	15100.60001	Direc.obra e S.S.dotac.infraestruturas ao pé da parcela Colexio S.Corazón	2.318,36
“	15100.60001	Infraestrutura BEGASA Colexio Sagrado Corazón	23.848,11
“	15100.60001	Obras A.P. parcela Colexio S.Corazón	14.499,18
“	23170.60100	Certif.Liquidac.Ascensor Sagrado Corazón	9.129,06
20RT00003	92500.60900	3Orzamentos Participativos 2018	70.500,00
20RT00004	33450.63300	Bombardino Escola de Música	7.400,00
20RT00005	45910.22799	Serv. mantem.e conservac.Vías P.Mun. Zona rural	135.000,00
10XX00034	16100.72300	Abastecemento de auga a Lugo 1ª Fase	295.924,76
07XX0120	16100.72300	Abastecemento auga a Lugo 2ª Fase	23.266,18
		TOTAL	5.910.555,72 €

ESTADO DE INGRESOS. Financiamento:

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	5.910.555,72 €

O acordo exponse ao público na Intervención Xeral Municipal, por un prazo de quince días hábiles, computando o devandito prazo a partires do día seguinte á inserción do presente edicto no B.O.P., todo elo aos efectos de reclamacións, que se presentarán ante o Pleno municipal

Lugo, 20 de abril de 2020.– Alcaldesa, Dona Lara Méndez López.

R. 0752

AS NOGAIS*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 08/04/2020, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2020, o que se notifica aos efectos do seu coñecemento. Fixase o período de cobro en voluntaria os días 08/04/2020 e 08/06/2020, ambos inclusive. Indícase que, de conformidade co Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, os prazos para presentación de recursos correspondentes están suspendidos. Unha vez perda vixencia dita suspensión, iniciarase o período de exposición ao público polo prazo de 15 días contados a partir do día seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedimento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzcan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

As Nogais, 8 de abril de 2020.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0729